



RENOVACIÓN PARCIAL DO CONSELLO ESCOLAR CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL

De conformidade co establecido na Resolución do 20 de setembro do 2021 (DOG 29 de setembro) realizarase próximamente neste centro a renovación do CONSELLO ESCOLAR que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do Colexio.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, e integrada por:

- O director do centro
- Un profesor ou profesora
- Un pai ou nai ou titor legal
- Un representante do persoal de administración e servizos
- Un alumno ou alumna de educación secundaria

Os catro últimos serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996 do 26 de xullo (DOG 9 de agosto).

Dito **sorteo**, que é público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase neste centro o próximo día **28 de outubro, xoves, ás 11.15 horas**.

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar a súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas convocatorias que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do Centro.

Santiago, 25 de outubro de 2021

O Director do centro,

Asdo.: Xavier Mouzo Gageade